

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 10636** *Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, polo que se regula o fondo de reserva que deben constituír determinadas fundacións bancarias; se modifica o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo; e se modifica o Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, estableceu un marco xurídico que ten como obxectivo completar o proceso de transformación das caixas de aforros que se produciu no noso país nos últimos anos.

A raíz da crise financeira, durante a cal unha parte relevante das caixas de aforros atravesou importantes dificultades, ditáronse normas orientadas a que estas entidades traspasasen a súa actividade financeira a un banco e mantivesen unicamente a actividade fundacional, cuxo fundamento se encontrou na necesidade de mellorar o goberno corporativo e a solvencia deste tipo de entidades.

Este proceso conclúe coa actual lei, que ten como fin declarado que as caixas exerzan as súas actividades da maneira tradicional, é dicir, centrando as súas actividades no ámbito rexional e no sector retalista.

O novo réxime xurídico que debuxa a Lei 26/2013, do 27 de decembro, tamén fai emerxer un novo tipo de institución que cobra importancia no ámbito financeiro, as fundacións bancarias, que son aquelas fundacións que manteñen unha participación nunha entidade de crédito que alcanza, de forma directa ou indirecta, ao menos, un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, ou que lle permite nomear ou destituír algún membro do seu órgano de administración.

A regulación que contén a Lei 26/2013, do 27 de decembro, en relación coa fundación bancaria, ten un dobre propósito. Por un lado, establecer obrigacións claras de goberno corporativo para garantir que as fundacións bancarias operan nos mercados financeiros de maneira adecuada e con plena garantía de salvagarda da estabilidade financeira, e, por outro lado, promover que as fundacións reduzan paulatinamente a súa participación nas entidades de crédito, para o cal a lei establece diversos mecanismos que incentivan unha política de desinvestimento ordenado das entidades de crédito.

Co fin de alcanzar os seus obxectivos, a Lei 26/2013, do 27 de decembro, establece unha tripla categoría de obrigacións que deben observar as fundacións bancarias, tendo en conta o seu nivel de participación e control na entidade de crédito participada.

Nun primeiro nivel, requírese que todas as fundacións bancarias, polo feito de selo, cumpran con determinadas obrigacións de goberno corporativo, incluída a de presentar un informe anual de goberno corporativo. Estas obrigacións constitúen un elemento mínimo, básico e necesario para garantir que non se producen disfuncionalidades que, por impacto na entidade de crédito participada, poidan ter consecuencias na estabilidade do sistema financeiro.

Existe un segundo tipo de obrigacións, de maior intensidade, para aquelas fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 30 por cento do capital nunha entidade de crédito ou que lles permita o seu control. Estas entidades terán que elaborar un protocolo de xestión que regulará determinados aspectos da relación entre a fundación bancaria e a entidade de crédito participada e, ademais, un plan financeiro en que determinen a maneira na cal farán fronte ás necesidades de capital en que puidese

incorrer a entidade na cal participan e os criterios básicos da súa estratexia de investimento en entidades financeiras.

Finalmente, as fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 50 por cento nunha entidade de crédito ou que lles permita o seu control, á parte doutras obrigacións adicionais específicas, deberán incluír un plan de diversificación de investimentos e xestión de riscos respecto á entidade de crédito participada e dotar un fondo de reserva para facer fronte a posibles necesidades de recursos propios da entidade de crédito que non poidan ser cubertos con outros recursos e que, a xuízo do Banco de España, puidesen pór en perigo o cumprimento das súas obrigacións en materia de solvencia.

Tendo en conta esta gradación de obrigacións, este real decreto establece as particularidades da constitución do fondo de reserva, de acordo coa habilitación conferida ao Goberno pola disposición derradeira décimo segunda da lei.

O real decreto estruturouse da maneira seguinte: os artigos 1 e 2 delimitan o obxecto e o ámbito de aplicación. Pódese destacar que a constitución do fondo de reserva, de acordo coa lei, se lles require obrigatoriamente a todas as fundacións bancarias que teñan unha participación, directa ou indirecta, maior ou igual ao 50 por cento na entidade de crédito participada ou unha posición de control nela.

A exposición de motivos da lei é clara en canto á obrigatoriedade de que todas as fundacións bancarias con participación maioritaria na entidade ou que a controlen constitúan o fondo de reserva, cando sinala que «O maior grao de intervención da normativa estatal, finalmente, recaerá sobre aquelas fundacións bancarias que teñan posicións de control sobre unha entidade de crédito ou teñan unha participación superior ao 50 por cento. Estas entidades deberán elaborar un plan de desinvestimento dos seus investimentos para minimizar riscos e constituír un fondo de reserva para garantir o financiamento da entidade de crédito participada en situacións de dificultades (...)».

Polo tanto, o fondo de reserva deberá ser constituído efectivamente por todo este tipo de fundacións bancarias, aínda que só se utilizará no caso de que a entidade de crédito participada afronte unha situación de necesidade de recursos propios e, tal e como sinala a lei, non poida cubrila con outro tipo de recursos.

O cálculo do fondo de reserva realízase, en primeira instancia, a partir do valor dos activos ponderados por risco da entidade participada, o cal debe entenderse desde unha perspectiva prudencial como os activos ponderados por risco do grupo ou subgrupo consolidable cuxa sociedade matriz sexa a entidade de crédito participada. A este respecto, cómpre ter en conta que os requisitos prudenciais e, por isto, o cálculo dos activos ponderados por risco, non sempre se exigen a nivel individual, como se deriva do artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, senón que existen ocasións en que o cálculo só se fai a nivel de grupo. Sumado a isto, é preciso garantir que o cálculo do volume dos activos ponderados por risco non varía polo mero feito de que a entidade de crédito participada cree unha entidade tedora deses activos dentro do seu propio grupo, pois esta sería unha forma de eludir o querido pola lei ao exixir o fondo de reserva.

En consecuencia, a solución adoptada polo real decreto é plenamente respectuosa coa intención do lexislador: o fondo de reserva é un mecanismo que permite mellorar a solvencia da entidade de crédito participada e, ao mesmo tempo, incentiva o seu desinvestimento.

Ademais, determínanse os requisitos para que o fondo de reserva poida ser constituído por unha fundación bancaria a través dunha entidade tedora e determínase o período de tempo en que se deberá alcanzar o nivel fixado do fondo de reserva para cada fundación bancaria.

Nos artigos 3 a 6 realízase unha regulación concreta sobre a forma en que se deberá calcular o fondo de reserva para as entidades e sobre o seu uso, partindo dunha contía mínima obxectiva que se modificará á alza ou á baixa en función dunha serie de factores extraídos da propia lei.

Así mesmo, o real decreto establece un réxime transitorio para a presentación dos primeiros plans financeiros desde a aprobación da normativa que regula o fondo de reserva e, ademais, introduce disposicións facendo referencia aos títulos competenciais en virtude dos cales se dita e fixando a data da súa entrada en vigor.

Adicionalmente, este real decreto modifica tamén o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro. A disposición derradeira oitava da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, establece o prazo dun ano para que o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, determine as condicións que deben cumprir as entidades para ter a consideración de entidades de interese público en razón da importancia pública significativa que poidan ter pola natureza da súa actividade, polo seu tamaño ou polo seu número de empregados, en cumprimento da habilitación regulamentaria prevista no artigo 3.5.b) do citado texto refundido.

Unha habilitación similar existía na lei anterior e, en uso dela, por vía regulamentaria, a través do artigo 15 do Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, delimitouse o concepto de «entidade de interese público» até agora vixente.

Co obxecto de dar debido cumprimento ao citado mandato e tendo en conta a conveniencia de adaptar o actual número de entidades de interese público aos parámetros ou criterios doutros Estados membros da Unión Europea, resulta procedente modificar o artigo 15 do vixente regulamento citado.

Así mesmo, dáse cumprimento á habilitación regulamentaria contida no número 3.b) da disposición adicional terceira da Lei 22/2015, do 20 de xullo, que permite dispensar determinadas entidades de interese público de ter comisión de auditoría sempre que así o permita a normativa comunitaria, tal como acontece coas institucións de investimento colectivo.

Por último, este real decreto modifica o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, con dous obxectivos. En primeiro lugar, para flexibilizar o coeficiente de liquidez das IIC de carácter financeiro, de tal forma que se substitúe o requisito mínimo do 3 por cento do seu patrimonio en activos líquidos por un coeficiente mínimo do 1 por cento e a obriga de que as IIC dispoñan dun nivel suficiente de activos convertibles en efectivo diariamente que lles permitan atender os reembolsos nos prazos establecidos na normativa. E, en segundo lugar, modifícase o artigo 132 coa finalidade de expoñer na norma os principios aos cales se remite a disposición vixente na actualidade e que son os establecidos no artigo 16 da Directiva 2006/73/CE, do 10 de agosto de 2006, pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de investimento, e termos definidos para efectos da dita directiva.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto desenvolver o artigo 44.3.b) da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, en relación co fondo de reserva que deben constituír as fundacións bancarias previstas no artigo 44.3 desa lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación a todas as fundacións bancarias que posúan unha participación, directa ou indirecta, igual ou superior ao 50 por cento nunha entidade de crédito ou que lles permita o seu control nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio, e que non manifestasen a súa intención de se acolleren ao disposto no artigo 44.3.b), último parágrafo, da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

Artigo 3. *Constitución e uso do fondo de reserva.*

Todas as fundacións bancarias a que se refire o artigo 2 deberán constituír un fondo de reserva nos termos previstos no artigo 44.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

O Banco de España desenvolverá os supostos e o modo en que a fundación bancaria deberá facer uso do fondo de reserva para atender as necesidades de solvencia da entidade participada. En todo caso, deberá facerse uso do fondo de reserva sempre que se produza unha diminución significativa dos recursos propios da entidade participada que, a xuízo do Banco de España, poida pór en perigo o cumprimento coa normativa de solvencia da entidade.

Artigo 4. *Determinación do fondo de reserva.*

1. O fondo de reserva deberá alcanzar un importe mínimo obxectivo que será o que resulte de aplicar unha porcentaxe sobre o total dos activos ponderados por risco do grupo ou subgrupo consolidable cuxa sociedade matriz sexa a entidade de crédito participada. Os activos ponderados por risco calcularanse conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

2. A porcentaxe indicada no número anterior será a que resulte de aplicar a seguinte táboa en función de que a ratio de capital total calculada conforme o artigo 92.2.c) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, que manteña o grupo ou subgrupo consolidable cuxa sociedade matriz sexa a entidade de crédito participada, se sitúe entre algún dos seguintes valores:

Ratio de capital total	%
< 10%	1,75
≥ 10 % e < 11 %	1,50
≥ 11 % < 12 %	1,25
≥ 12 % < 13 %	1,00
≥ 13 %	0,75

3. O importe do fondo de reserva que resulte da aplicación dos criterios establecidos no número anterior incrementarase ou reducirase, se for o caso, cos importes resultantes da aplicación das seguintes porcentaxes sobre os activos ponderados por risco citados no número 1:

a) Redución do 0,5 por cento naqueles supostos en que as accións da entidade de crédito participada estean admitidas a negociación en mercados oficiais de valores ou en mercados activos, sempre e cando a porcentaxe de accións propiedade de terceiros alleos ao grupo a que a entidade pertenza sexa superior ao 25 por cento. Para os efectos desta letra, son mercados activos os que define o Banco de España na súa normativa contable.

b) Incremento do 1 por cento cando a suma dos instrumentos computables como recursos propios que posúa a fundación bancaria noutras entidades financeiras, excluída a participación na entidade de crédito participada, sexa superior ao 40 por cento do seu patrimonio neto.

c) Redución ou incremento das seguintes porcentaxes en función da participación directa, ou indirecta a través de sociedade interposta, que se teña na entidade de crédito:

Participación na entidade de crédito	%
< 50 %	-0,5
≥50 % e < 60 %	0
≥ 60 % e < 70 %	+0,5
≥ 70 %	+1

4. O importe obxectivo do fondo de reserva non poderá ser inferior ao 0,6 por cento dos activos ponderados por risco a que se refire o número 2, sen prexuízo de que o Banco de España, en atención ás circunstancias individuais da fundación bancaria, poida fixar un inferior.

5. O importe do fondo de reserva calcularase anualmente no plan financeiro, que deberá conter un calendario de dotacións mínimas até alcanzar o importe que resulte da aplicación deste real decreto.

6. O fondo de reserva constituído deberá investirse en instrumentos financeiros de elevada liquidez e calidade crediticia, que deberán estar en todo momento dispoñibles para o seu uso pola fundación.

Artigo 5. *Forma de constitución do fondo de reserva.*

1. O fondo de reserva poderá constituírse dentro da propia fundación bancaria ou a través dunha entidade tedora. Só será posible facer uso dunha entidade tedora cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a fundación bancaria teña directamente o 100 por cento do capital da entidade tedora. No caso de que varias fundacións bancarias participen no capital dunha entidade de crédito e constitúan unha única entidade tedora, o 100 por cento da súa participación directa deberá distribuírse entre as fundacións bancarias en proporción á participación de cada unha delas na entidade de crédito.

b) Que a entidade tedora sexa titular de activos de suficiente liquidez e calidade crediticia, dos cales poida dispor libremente, de forma inmediata e sen limitación ningunha derivada, entre outros supostos, da necesidade de obter o consentimento de terceiros, todo isto con obxecto de facer efectiva a finalidade do fondo de reserva.

c) Que a entidade tedora non forme parte do perímetro de consolidación prudencial da entidade de crédito participada, directa ou indirectamente, pola fundación bancaria.

2. Os activos en que se materialice o fondo de reserva só poderán ser achegados á entidade de crédito participada para atender as súas necesidades de solvencia en tal forma que non lle xeren necesidades adicionais de recursos propios.

Aqueles activos que, por aplicación do parágrafo anterior, deban ser vendidos ou permutados de maneira previa á súa transferencia á entidade de crédito participada, contabilizaranse no fondo de reserva cunha redución de valor que poderá alcanzar até o 33 por cento, que determinará o Banco de España en función da liquidez dos ditos activos e a perda de valor estimada que se puidese producir no momento da súa venda ou permuta.

3. Corresponde ao Banco de España supervisar o cumprimento dos requisitos previstos neste artigo, co fin de asegurar que o fondo de reserva pode cumprir de maneira efectiva a finalidade prevista no artigo 44.3.b), número primeiro, da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

Artigo 6. *Prazo de constitución do fondo de reserva.*

1. O volume obxectivo do fondo de reserva deberá alcanzarse no prazo máximo de 5 anos desde a entrada en vigor da circular do Banco de España que desenvolva este real

decreto ou desde a data en que a fundación bancaria adquira o control ou unha participación superior ao 50 por cento na entidade de crédito participada, se algún destes feitos ten lugar con posterioridade.

2. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financiera da entidade de crédito participada ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, se advirte que non se pode alcanzar o volume obxectivo do fondo de reserva no prazo máximo de cinco anos a que se refire o número anterior, a fundación bancaria poderá solicitar ao Banco de España unha ampliación do dito prazo até dous anos máis.

3. O calendario de dotacións ao fondo de reserva deberase detallar no plan financeiro que a fundación bancaria deba presentar ao Banco de España. As dotacións periódicas previstas no citado calendario deberán ser lineais no tempo, sen prexuízo das eventuais modificacións do calendario xustificadas en virtude da variación das necesidades de recursos propios previstas no plan financeiro ou doutras circunstancias relevantes.

Disposición transitoria primeira. *Presentación do plan financeiro.*

As fundacións bancarias previstas neste real decreto deberán presentar o seu plan financeiro, ou actualizar o xa presentado ou aprobado, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da circular do Banco de España que desenvolva este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Requisitos exigibles ás entidades de interese público.*

Para efectos de determinar, no exercicio en que entra en vigor esta norma, o cumprimento durante dous exercicios consecutivos dos requisitos a que se refiren as letras b), c) e e) do número 1 e o número 2 do artigo 15 do Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, na redacción dada pola disposición derradeira primeira, teranse en conta os novos parámetros correspondentes ao último exercicio social cuxo peche se producise con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, así como ao inmediatamente anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo.*

O Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 15 queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Entidades de interese público.*

1. Para os efectos exclusivos do disposto na normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, terán a consideración de entidades de interese público as seguintes:

a) As entidades de crédito, as entidades aseguradoras, así como as entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de valores ou no mercado alternativo bolsista pertencentes ao segmento de empresas en expansión.

b) As empresas de servizos de investimento e as institucións de investimento colectivo que durante dous exercicios consecutivos, na data de peche de cada un

deles, teñan como mínimo 5.000 clientes, no primeiro caso, ou 5.000 partícipes ou accionistas, no segundo caso, e as sociedades xestoras que administren as ditas institucións.

c) Os fondos de pensións que, durante dous exercicios consecutivos, na data de peche de cada un deles teñan, como mínimo, 10.000 partícipes e as sociedades xestoras que administren os ditos fondos.

d) As fundacións bancarias, as entidades de pagamento e as entidades de diñeiro electrónico.

e) Aquelas entidades distintas das mencionadas nos parágrafos anteriores cuxo importe neto da cifra de negocios e o cadro de persoal medio durante dous exercicios consecutivos, na data de peche de cada un deles, sexa superior a 2.000.000.000 de euros e a 4.000 empregados, respectivamente.

f) Os grupos de sociedades en que a sociedade dominante sexa unha das entidades previstas nas letras anteriores.

2. As entidades mencionadas no número 1.b), c) e e) perderán a consideración de entidades de interese público se deixan de reunir durante dous exercicios consecutivos, na data de peche de cada un deles, os requisitos establecidos nos ditos puntos.

As entidades previstas neste número terán a condición de entidades de interese público se reúnen os requisitos para selo no momento do peche do exercicio social da súa constitución, transformación ou fusión e do exercicio inmediatamente posterior. Non obstante, no caso de que unha das entidades que participe na fusión ou de que a entidade que se transforme teña a consideración de entidade de interese público no exercicio anterior á dita operación, non perderán tal condición as entidades resultantes se reúnen no momento do peche dese primeiro exercicio social os requisitos recollidos nos citados puntos.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional décimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Comisión de auditoría de entidades de interese público.*

De conformidade co número 3.c) da disposición adicional terceira da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, as institucións de investimento colectivo e os fondos de pensións mencionados no artigo 15.1.b) e c) non estarán obrigados a ter comisión de auditoría.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo.*

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Dáse a seguinte nova redacción ao artigo 53:

«Artigo 53. *Liquidez.*

1. Para dar cumprimento ao principio de liquidez, as IIC de carácter financeiro deberán dispor dun nivel suficiente de activos que reúna os seguintes requisitos:

a) Que os activos se poidan vender con rapidez e a un prezo próximo a aquel polo que se valorasen antes da venda,

b) que permita á IIC, tanto en condicións de liquidez normais como excepcionais, atender os reembolsos nos prazos establecidos neste real decreto e

na súa normativa de desenvolvemento, así como no Regulamento de xestión do fondo de investimento ou nos documentos constitutivos da sociedade de investimento de que se trate, así como garantir a liquidación das operacións comprometidas, e

c) que sexa congruente coa política de xestión da liquidez global da IIC, a cal necesariamente deberá avaliarse utilizando probas de resistencia ou tensión.

2. En todo caso e sen prexuízo do previsto no número anterior, as IIC de carácter financeiro deberán manter un coeficiente mínimo de liquidez do 1 % do seu patrimonio. A CNMV determinará mediante circular o procedemento de cálculo deste coeficiente sobre a media mensual de saldos diarios do patrimonio da institución, así como as categorías de activos líquidos en que se pode materializar atendendo ás condicións do mercado en que se poden facer efectivos ou á rapidez dos procedementos de liquidación, entre outros aspectos.

Se o depositario non ten a consideración de entidade de crédito, a IIC deberá incluír no folleto a identificación da entidade de crédito en que materializarán, se for o caso, o efectivo, os depósitos ou contas á vista.

3. O patrimonio non investido en activos que formen parte do coeficiente de liquidez deberá investirse nos activos e instrumentos financeiros aptos sinalados no artigo 48.

4. A sociedade xestora ou, no caso de ser autoxestionada, a SICAV deberá contar con sistemas internos de control da profundidade do mercado dos valores en que inviste considerando a negociación habitual e o volume investido, para procurar unha liquidación ordenada das posicións da IIC a través dos mecanismos normais de contratación. Os documentos informativos da IIC deberán conter unha explicación sobre a política adoptada a este respecto.»

Dous. Dáse a seguinte nova redacción ao artigo 132:

«Artigo 132. *Función de control de efectivo.*

1. O depositario garantirá que os fluxos de tesouraría da IIC estean debidamente controlados e, en particular, asegurará que todos os pagamentos efectuados polos investidores ou en nome deles, no momento da subscripción de participacións nunha IIC, se recibisen e que todo o efectivo da IIC se depositase en contas de tesouraría que:

a) Estean abertas nunha entidade de crédito a nome da IIC ou do depositario que actúe por conta da IIC.

b) As manteña o depositario de acordo cos seguintes principios establecidos no artigo 16 da Directiva 2006/73/CE, do 10 de agosto de 2006:

1.º Permitir, en calquera momento e sen demora, a distinción entre o efectivo da IIC do efectivo doutras IIC e outros clientes, así como do seu propio,

2.º garantir a súa exactitude e, en especial, a súa correspondencia co efectivo das IIC,

3.º conciliar regularmente as contas coas dos terceiros en cuxo poder se manteña o efectivo depositado,

4.º garantir que o efectivo da IIC depositado nun terceiro se distinga do efectivo que pertenza ao depositario e do que pertenza ao dito terceiro, mediante contas con denominación diferente na contabilidade do terceiro ou outras medidas equivalentes coas cales se logre o mesmo nivel de protección,

5.º garantir que os fondos da IIC que se depositasen nun banco central, nunha entidade de crédito ou nun banco autorizado nun terceiro país ou nun fondo do mercado monetario habilitado estean contabilizados nunha conta ou contas distintas daquelas en que se contabilizan os fondos pertencentes ao depositario,

6.º minimizar o risco de perda do efectivo da IIC, como consecuencia da súa mala utilización, fraude, administración deficiente, mantemento inadecuado de rexistros ou negligencia, e

7.º salvagardar os dereitos da IIC sobre o efectivo, sobre todo en caso de que o depositario sexa declarado en concurso de acredores, e impedir a utilización por conta propia do dito efectivo da IIC, salvo no caso das entidades de crédito.

2. En caso de que as contas de tesouraría se abran a nome do depositario que actúe por conta da IIC, non se consignará nas ditas contas o efectivo do depositario nin o da entidade de crédito en que estean abertas.

3. A sociedade xestora ou, se for o caso, os administradores da sociedade de investimento non poderán, en ningún caso, abrir contas ou dispor directamente dos saldos de contas pertencentes á IIC. Tampouco poderán estender cheques nin calquera outro instrumento de pagamento contra as contas que a IIC teña abertas no depositario ou en terceiras entidades. O depositario será o único autorizado para isto seguindo as instrucións da sociedade xestora ou, se for o caso, dos administradores da sociedade de investimento.

4. Corresponderá aos depositarios recibir e custodiar os activos líquidos das IIC.

5. Os depositarios poderán manter saldos transitorios asociados á liquidación de compravendas de valores noutros intermediarios financeiros que legalmente estean habilitados para o mantemento dos ditos saldos.

6. Cando a institución de investimento colectivo dispoña de contas de efectivo en entidades de depósito diferentes ao depositario, cando este non sexa entidade de crédito, unicamente o depositario poderá realizar ou autorizar movementos sobre estas contas. O anterior aplicarase tamén respecto dos saldos transitorios asociados á operativa con valores, operacións bilaterais e investimentos noutras IIC.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas en materia de lexislación mercantil, as competencias sobre bases da ordenación de crédito, banca e seguros e as competencias sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Habilítase o Banco de España para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O disposto na disposición derradeira primeira, número dous, será de aplicación a partir do 17 de xuño de 2016.

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO